

Recomendacións 4º primaria:

- Repaso dos contidos traballados nas distintas áreas.

Matemáticas:

- Repaso das operacións aritméticas básicas: Sumas, restas levando, multiplicacións e divisións por unha e dúas cifras. Por outra banda, sumas, restas e multiplicacións de números decimais.
- Repaso das táboas de multiplicar a través de xogos ou aplicacións que descarguedes:

<https://arbolabc.com/juegos-tablas-de-multiplicar>

- Realizar receitas nas que aparezan fraccións para que os nenos e nenas decátense da presenza das fraccións na súa vida diaria.
- Resolución de problemas: realizar problemas do libro de texto se o teñen na casa, algúns que decidades poñerlles vós ou senón podédelos descargar nas seguintes páxinas webs:

<https://www.orientacionandujar.es/2014/06/10/coleccion-de-problemas-para-4o-de-primaria-en-pdf-e-interactivos-ideales-para-pdi/>

https://recursosdidacticospaaimprimir.blogspot.com/2015/11/taller-de-resolucion-de-problemas-para_27.html

<https://miravalles5.files.wordpress.com/2010/06/problemas4.pdf>

- Aproveitemos esta marabillosa ocasión de pasar tempo cos vosos fillos e fillas e xogade con eles a xogos de mesa como o xadrez, a oca, o parchís, o monopoli, a escoba, o chinchón, ... Existen numerosos xogos de toda a vida onde se repasan contidos matemáticos coma o cálculo mental.

Lengua Castellana e Lingua Galega:

- Lectura mínimo dun libro en castelán e outro en galego. Despois poden realizar unha ficha do libro que conteña: Título, autor/a, ilustrador/a, editorial, personaxes, escenario, breve resumo, recomendación aos compañeiros/as, valoración persoal (que me gustou máis, que menos,...) Esta ficha a poden facer en folios, a través dunha presentación de Power point que xa traballamos na aula, poden realizar un Book tráiler, é dicir, un vídeo no que expliquen todo o resinado anteriormente. Despois na volta ás aulas realizaremos unha breve exposición oral dos libros traballados que eles e elas deberán practicar na casa.

- Ver unha película en familia e facer unha recomendación a través dun vídeo e que o editen eles e elas. Se queredes poderedes participar os pais.
- Descrición dun lugar, dunha persoa, dunha mascota, empregando os adxectivos traballados nas áreas das linguas, esta descrición deberá conter mínimo 20 liñas, pódena acompañar dun debuxo, dunha imaxe,...
- Redaccións sobre algunha temática que lles resulte interesante.
- Diario: xa que todos e todas temos que quedar na casa resultaría interesante que todos os días os nenos e nenas, reflexionen sobre o que fixeron o día anterior, como se sentiron, con quen estiveron, ... este diario debe conter a data sobre a que están escribindo para despois na volta á aula ler todos e todas o que fixemos cada día.
- Recompilación de noticias sobre a evolución do Coronavirus, onde subliñen o titular da noticia e o máis importante da mesma.
- Cartas ou mensaxes aos compañeiros/as da aula, para despois delas no faladoiro da aula.

Ciencias naturais e sociais:

- Na clase xa tiñamos pendente un traballo para ciencias sociais sobre o documental visto na clase de Océanos, polo tanto, poden remátalo.
- Investigación sobre tipos de contaxios de enfermidades e formas de evitar o contaxio, pode ser un mapa conceptual, un power point, un mural, un lapbook, unha maqueta, deixade voar a súa imaxinación.
- Buscar animais vertebrados e invertebrados e cubrir unha ficha de investigación que subiremos a páxina web do cole, se non tedes posibilidade de descargala poderedes copiala a man ou facer unha táboa parecida en Word.
- Buscar dous ou tres ríos de cada provincia de Galicia e realizar un tríptico con información de cada un deles.
- Buscar experimentos en internet para facer despois na aula e probalos antes na casa.
- Realizar manualidades ou debuxos: poderedes seguir a iniciativa de internet #desdemiventana , na que se pide que cada neno e nena realice un debuxo ou unha manualidade e a colgues da ventá ou balcón para que cando os nenos e nenas saían a ventá se sintan arropados.